



MONOGRAFICO

17 MAIO

CONFERENCIA

« O Dia das Letras Galegas »



A. Lopez Ferreiro



ANTON LOPEZ FERREIRO
POR
CASINTAS GOYANES

Colaboración:

VALES VILLAMARÍN- Secretario de la Real Academia Galega da Lingua. Cronista oficial da cidade de Betanzos.

REGUEIRA VARELA- Catedrático de filosofía do ensino medio.

K. A. MÍGUEZ- Premio nacional de traducción "Fray Luis de León" no 1968. Catedrático de literatura do Instituto de Betanzos.

MIRO LÓPEZ- Dibuxante, colaborador de diversos xornais galegos.

ALONSO MONTERO- Escritor. Director de Akal Editor.

R. CAAMAÑO- Presidente da Asociación Cultural "O Facho."

BRAIS da BOUZA- Colaborador de diversos xornais galegos.

MANOEL ESPÍÑA- Escritor, crítico, loitador por unha Eirexa Galega.

RAMÓN LÓPEZ- Mestre de filosofía do Instituto de Betanzos.

QUINTAS GOYANES- Dibuxante. Marqués de Almeiras.

ANDRADE- Dibuxante de Ceidarcos...

Dende aquí, agradecemoslle a todas estas persoas a súa colaboración, tamén a aqueles que por diversos motivos na poideron mandar. Gracias:

COIDAMOS...

MENTARON O VOCEIRO:

Xosé L. Mosquera Camba
Daniel Pereiro Cachaza
X. Carlos Rosende Amor
Xosé R. Amor Martínez
X. Ramón Cabado Montero
Pedro A. Naveira Couceiro
X. Manoel Andrade
Fernanda Gil Martínez
Rosana Freire Calviño
Federico X. Valiño Durán

Que vaia este voceiro adicado a todos aqueles que se aporte do seu traballo e esforzo loitan por unha Galicia millor e máis nosa.

... "Os bós e xenerosos a nosa voz entenden, e con arreubo atenden o noso ronco son.

Máis sóio os iñorantes e fêridos e duros, imbeciles e escuros, non nos entenden, non.

Pois donde quer xigante a nosa voz pregoa a redenzón da boa Nazón de Breogán". ...

COIDAMOS algún día xa que estabamos nun centro de ensino non estaría mal axudar ó desenvolto da aitividade cultural sacando a rúa un voceiro.

COIDAMOS que xa que estamos en Galicia sería boa idea publicar a meirande parte na dócê lingua galega.

COIDAMOS agora que o noso voceiro, ainda que modesto, pódese incluír dentro das letras galegas.

COIDAMOS que, como o dazasete de maio é o Dia das Letras Galegas, haberíamos de festexalo pois era o noso día.

E COIDAMOS que a millor forma de xungüirmos á festa de toda Galicia era pola nosa parte sacar á rúa un número especial monográfico adicado ó home que lémbrese iste ano: Antón López Ferreiro.

Agardamos que sexas tí quen sexas o que tés o voceiro na man, poidas leélo con gusto. Que tí, rapaz da escola, non o vexas demasiado elevado. Que tí, mestre crudito, non o maxines abondo enfático.


COIDAMOS, hoxe que xa está todo feito, que sin a colaboración desinteresada de moitos grandes homes non poderíamos chegar a darlle forma a nosa idea. E dende eiquí damoslles as nosas máis sinxelas gracias.

COIDAMOS que a nosa idea non foi tan mala. E tí cando leas deica o remate dinos ;Coidas que fixemos real o noso proxeito?

COIDAMOS...

PAPELETAS LINGÜÍSTICAS

ALGUNOS VOCABLOS GALLEGOS
EMPLEADOS EN LA COMARCA BETANCERA
Por FRANCISCO VALES VILLAMARIN



A la buena memoria del eminente polígrafo compostelano don Antonio López Ferreiro, -honor y prez de la patria gallega, cuyas magistrales y cautivadoras novelas tanto me han beneficiado en las investigaciones léxico gráficas llevadas a cabo, durante largos años, por las entrañables tierras que me vieron nacer.

Con mi eterno agradecimiento.

Las dicciones que se insertan a continuación, con muchos conteneares más que reservamos, Dios mediante, para otro momento, han sido recogidas en su totalidad en el extenso territorio de las Mariñas brigantinas, que tiene por centro, como se sabe, la vieja e histórica ciudad del Mandeo, zona e en donde -a juicio de Murguía- se habla con más corrección y es más rico nuestro dulcísimo idioma.

Como quiera que ninguna de las voces aludidas figura en los diccionarios regionales hasta el día publicados -cosa muy natural, pues es materialmente imposible realizar en este aspecto una labor verdaderamente exhaustiva-, las damos a conocer aquí, esperando se proceda de manera semejante con los vocabularios correspondientes a otras comarcas galaicas, con lo cual se daría, sin duda alguna, un gran paso para el mejor conocimiento de nuestra prestigiosa y venerable lengua vernácula.

ADENUCIÑA.- Comadreja.

AGUDELO.- Clase de uva, tinta y blanca. Las cepas, inmunes -al parecer- a la filoxera, son de gran rusticidad y su fruto -granos pequeños muy apretados en el racimo-, ácido, de maduración tardía. Sarmientos poco resistentes al oidium y bastante más al mildiu. //Vino que se hace de esta uva. En Francia se conoce por agudet cierta especie de vid. ¿Será tal de nominación el origen del término Agudelo?

!AIEÚ!. - Voz que se usa en ciertas aldeas de la comarca para llamar o invocar a una persona: !Aieú!, veña conmigo á leira. Non, aieú; eso non é dese xeito. Usáse también el término OIEU.

Los conócese el ESPALLO con los nombres de COSCO y COSCA.

ESPARA.- Fínite que separa dos fincas. En otros puntos de Galicia, Derrego.

ESVIÑAR.- Descube. Trasladar el mosto de la tinaja a la pipa. Primer trasiego del vino nuevo, después de la fermentación. En otras partes, QUITAR y TROUSAR.

BERNANDIÑOS.- Partes muy menudas de castañas cocidas. En otros sitios, migajas de pan o FARAGULLAS.

FIGADO.- Hígado.

GARLACHA.- Variedad de uva tinta.

GESTE.- Comida con que el propietario de un edificio en construcción obsequia a los trabajadores al ser colocado en la parte más alta del mismo el ramo de laurel indicador de la terminación de los muros y techumbre, agasajo que tiene efecto, siempre que en el transcurso de la obra no hubiese ocurrido accidente alguno. Por tierras sadenses se dice GESTO. En la Coruña, GESTE y XESTE, voz ésta recogida por la condesa de Pardo Bazán en la Quimera -cap. VI- y, años más tarde, por los lexicógrafos Carre Alvarellos, Rodríguez González y Franco Grande, que la han registrado en sus respectivos Diccionarios. En otros lugares de Galicia úsase el término CONROBRA.

GINASIA.- Semilla de col y repollo y también el conjunto de estas plantas, aun tiernas, que se conservan en el terreno formado almáciga o ALCOUBE. Los vocablos GESTE y GINASIA no pueden considerarse como "geadas". Este fenómeno fonético surge, según es sabido, cuando se emplea el sonido j en lugar del de g suave, "jorra" y "jato", por ejemplo. A título informativo, diremos que la "geada" se halla muy extendida en todo el territorio betancero y en unas zonas más que en otras.

GRAÑA.- Semilla muy menuda de ciertos vegetales, pudiendo citarse, entre otros, el tojo, nabo, cebolla, retama, col y repollo.

LAGACHEMA.- Babosa.

LAMBEAMÉ.- Ligera refacción. Tomar un lambeame: Comer muy pequeña cosa. En otras partes, LEMBIAME.

LEITUGADA.- Conjunto de cochinillos nacidos de un vientre. PARADA y LEIRADA en otras partes, especialmente por la provincia de Orense. LECHIGADA.

LERPE (DAR Ó).- Hablar demasiado.

LARANDEX.- El hombre respecto a la mujer con quien tiene relaciones amorosas ilícitas.

MEDIOS (NESTES).- En este momento, en esta ocasión: Nestes medios, chegou ela.

MILLARENGA.- Variedad de pera semejante a la URRACA. Madura por septiembre.

MORNIZO.- Residuo o polvillo en que queda convertida alguna cosa al ser totalmente destrozada.

PALÉN (ESTAR Ó).- Estar completamente destapado en cama.

PANDOIRA.- Utensilio a manera de criba, formado por un cerco de madera al que se fija una piel sin agujerear. En otras partes, BANELO.

PAT REXA.- Empanada.

PEQUEMIÑO (DAR UN).- Durante el baño, obligar un individuo a otro, violentamente, a sumergirse en el agua.

PERDICES.- Puches, gachas.

PÍCERE.- Aprendiz de algún oficio, especialmente del ramo de carpintería.

PIONSA.- Especie de trompo con cuatro caras y determinada letra en cada una de ellas: S.P.T.N., que corresponden a las palabras saca, pon, todo y nada. Se hace girar con los dedos. En otros lugares de la región, PIRINDOLA, PIRINOLA y TUTURUTAINA. Perinola en castellano.

POIDADA.- Brazada. Movimiento hecho con los brazos cuando se nada.

POTE (DARSE).- Darse importancia, tono. DARSE PISTO.

PRELUDIAR.- Fragar una trama, discurrir.

PUCHO.- Mentira.

PULPICEIRO, RA.- Holgazán, indolente.

RECACHO.- Grieta que se ve en la parte superior de algunos panes. Para que éstos RECACHEN, debe hacerseles en la masa dos incisiones en forma de cruz en el momento de introducirlos en el horno, de lo contrario, salen petos. En otros lugares se emplea el término RECACHA.

!RECORCIO!.- !Caramba! !Caray!

ROIBAIÑO.- Variedad de vid de escaso desarrollo y granos pequeños, tintos, con una especie de espina en la cabeza de éstos.

!ROILA! !ROILA!.- !Roila, roila, roila, roileta, roila, roila, roila, trinqueta! Pareado que, a grandes voces, suelen entonar los muchachos brigantinos para dar a entender a los compañeros que se están bañando al aire libre la día blura que acaban de cometer con las prendas interiores de estos y que consiste en hacer en ellas diversos nudos, fuertemente apretados, mojándolos seguidamente, con objeto de que los dueños de las mismas tengan dificultades al vestir

se, viéndose obligados, muchas veces, a utilizar los dientes para deshacer las ataduras. !ROI! !ROI!, en otros lugares.

RONCHA.- Artificio de fabricación casera, productor de estre pitosos y descomertantes ruidos, que, al parecer, empleaban hace tiempo los labriegos de ciertas comarcas del país para ahuyentar los animales que se introducían en sus sembrados. No sabemos si actualmente se sigue todavía utilizando en alguna parte de Galicia tan curiosa y original práctica. En relación con el referido ingenio véase a continuación el escrito enviado en el mes de Junio de 1810 por un anónimo ciudadano a la Junta de Armamento, Defensa y Subsidios de la provincia de Betanzos, comunicado que se guarda en el Archivo Municipal de esta ciudad, carpeta rotulada Guerra de la Independencia:

Suplico de la Junta Provincial de Armamento, Defensa y Subsidios de la Provincia de Betanzos:

No tiene duda que la Caballería Francesa por su mayor número y pericia de los Ginetes, es un estorbo a nuestros acantados en la presente Lucha; y que como ella consiguen aquellos las ventajas que no tendrían del valor, firmeza y patriotismo que anima a toda nuestra Infantería, la prueba de esta verdad la hemos palpado en la Batalla de Alba de Tormes dirigida por el señor Alcaidabaz, y en otras posteriores, en que nuestros valientes defensores a la Bayoneta han sabido contenerla. Pero no hay otro medio de destruirla. Lo hay ciertamente. Se muy bien los que emplea el Arte de la Guerra, y es que emplearon en otro tiempo las Naciones bárbaras y barbadas. Ninguno de ellos es de los que hoy voy a proponer. Es otro más sencillo, más destructivo, y de casi o ninguna coste, el que deseamos se ponga en práctica precedidos los experimentos que deban hacerse. Con este no sólo se destruye el Caballo, sino el Ginetes, y lejos de emplearse uno y otro en las dadas dadas le destruyamos a los caballos mayor que el que podrá hacerlos la potencia y la fuerza.

La Roncha de que han dicho y usan nuestros Paisanos montañeses en Francia para ahuyentar las Bestias y otros animales de sus Rozas o sembrados es un instrumento muy sencillo. Así como hay de ellas hechas de madera, así hay el que construyen con una tabla de castaño sin fondo, cubierta su boca con un pedazo de Cuero, del medio del cual está adherida una cuerda encerada por delante de arriba, que se enrolla como una cinta, y se tira por dicho tanto y por la cuerda se va, produce un ruido que volviendo el tímpano y cerebro del animal no le da camino para serarse de él, sin que sea capaz de contenerse ni el Ginetes a quien arroja ni el mayor accidente. Esto, tanto los de Francia que padece el Reino, lo he visto en Añón Estrada, y por lo se pierda en que V. S. S. en esto lo experimenten.

Vaya estos datos ya ven V. S. S. que con ocho o diez Ronchas en cada Batallón que podían tocar los Asesinos, ninguna Caballería se le atrebera cavo como ofensa a los animales a mayor distancia que a dos tiros de fusil.

Es esto de veritas y con que el Ginetes como me o presumo me recomiendo de haber hecho un Servicio a la Patria, y que con razón me firmare como V. S. S.

El PALESTRA.

Al marqués Junta Superior 30 de Junio de 1810. Se devuelve a la Junta de

Betanzos para que haga el Autor la experiencia con cavallerías domesticadas tales como lo es la cavallería en formación. Castro. Rivadeneira. V. S. S.

ROUCHELO.- Cochinillo de leche. En otras partes, roxelo.

SAINETE.- Sabor especial de ciertos manjares, desagradable casi siempre: Este queixo ten un sainete ben raro.

RESAIBO, en otros puntos. En el Diccionario enciclopédico gallego-castellano, de Rodríguez González: "Sabor suave y delicioso de un manjar". En portugués, entre otras acepciones, "coisa que desagrada".

SALFURIO, RIA (POÑERSE).- Irritarse, encolerizarse: O home púxose salfurio.

SERRADELO.- Especie de vid de reducida producción. Uva ácida extraordinariamente tintórea. Tanto este fruto como el de la variedad ROIBAL -muy rico en azúcar- son los más apreciados en las Mariñas para la elaboración de mostos. Le ataca mucho el oidium.

TABELLÓN.- Trampa para cazar o coger animales. Llámase también GRAMIL.

TINTÍN POR BARÍN.- Exactamente: A proia ca-be xustiña na caixa que trouxeches; está tintín por barín.

TOFA.- Tiña.

TORCER.- Prensar la uva para extraerle el mosto.

TRENCEIRO, RA.- En sentido humorístico, persona amiga de intrigas inocuas; que enzarza o enreda con chismes y cuentos: Moi trenceiro é o teu xastre.

TURNAR.- Embestir, Acometer con ímpetu, especialmente ciertos animales.

VALDEMIÑÓN.- Cierta clase de uva. Racimos grandísimos lo mismo que los granos. Fruto acuoso, de color rosáceo, muy poco estimado para la producción de vino.

VALVIRÓN (ESTAR Ó).- Estar a la intemperie. Equi vale a la locución Estar ó ventimperio, frase que se usa igualmente en esta comarca.

VINTEUS.- Dinero, cuartos: Aquél tivo que soltar os vintéus. Vintêm en portugués.

VIÑAREDO.- Viñedo.

XABECA.- Paliza, zurra.

XERGA.- Gentuza, gentualla: Eu non quero nada con esa xerga.

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS,

UNHA DATA MÁIS NA LIBERACIÓN

DUN PSBC

O home "é un ser que se move entre realidades". Esta frase que se debe ó filósofo X. Zubiri encerra dentro de si a "Traxedia" e a "posibilidade" máis grande do home. Por unha banda, o home ten que facerse queira ou non, "está condenado a ser libre", di Sartre, a súa vida non está feita coma a dun animal, senón que ten que facela. Esta traxedia, por outra banda, convírtese no máis grande do home, na súa posibilidade maior, xa que é un ser de "praxis". ¿Cómo se fai? ¿Por qué se ten que facer? Faise porque o seu "ser" é contradictorio, por unha banda é algo, máis por outra non é aquilo que ten que ser, esta "contradicción" interna obriga ao home a salir de si, a realizarse mediante un proceso dialéctico de posicións, contraposicións e superacións.

Calquera de nós somos algo unha realidade que, como dixemos denantes, é contradictoria. Isto é, isto obriga a facernos, porque somos unha tesis contradictoria. Esta realidade que somos e que non somos a vez ten que superarse ou do contrario anularse. ¿Cómo se supera? Botando mão do medio económico, social, político e cultural no que vive, que se convirten en posibilidades pra salir da contradicción e chegar a síntesis superadora.

¿Cal é o noso medio? O galego, ¿qué temos que facer? Loitar por él, ¿por qué? Porque neso vaimos o noso ser, a nosa praxis que é algo "inalienable". Podemos ser ou non médicos, literatos, físicos, etc., pero o que non podemos deixar de ser é persoas e pra selo temos, queiramos ou non, que acudir ao medio. Logo o que non loita por ese medio, o que non sente, conoce, quere,

transforma ese medio é un ser alienado, un ser que vive e fuxe de si mesmo. Moitos galegos pensan que preocuparse pola economía de Galiza, pola súa cultura é politizar todo desde a educación hastra a ética, chegan a defender algo que chaman "neutralismo" ou "independencia" como si fose posible ser neutral nun problema como é o de "ser ou non ser", xa que queiramos ou non temos que ser persoas, e persoas que nos facemos desde un medio, nunha verba porque somos morales e polo que temos que ser políticos, e somos morales e non a-morales, como son os animais, por ter que realizarnos como persoas, cós sa que non necesitan os animais, nacen "xustificados", nos, en cambio, temos que xustificarnos.

Si somos persoas, si temos que facernos, desde un medio, o loitar todos e cada un dos días por ese medio é unha necesidade persoal e social, non é algo que cada quen poida deixar a súa conciencia, senón algo que a sociedade existe pra poder chegar a unha praxis social des-alienada.

Este é o senso fonde do día das letras galegas. Loitar por Galiza non pode deixarse pro 17 do maio, é algo que ten que durar todos os anos da nosa vida xa que neso vaimos a realidade social e con ela a realidade persoal como realidade dependente que é da social. Si algun senso ten esta data é a de recordarnos o compromiso que temos coa realidade na que vivimos.

Deixar de loitar por Galiza é condenarnos a vivir alienados, e fuxir de si.

¿Cómo é a realidade de Galiza hoxe? É unha realidade colonizada en todos os eidos, tanto no económico -economía

dependente, subdesenrolada, -
desposcida e bloqueada-; no -
social -enfrentamento coa rea-
lidade propia por parte da -
burguesía, enfrentamentos nas
línguas-; no político -non po-
de plantexar libremente os
seus problemas sin ter que pe-
dir permiso-; e no cultural -
o galego non coñece nin a su-
a economía, nin a sua histo-
ria, non é educado na sua lin-
goa-; esta realidade coloniza-
da pide e "esixe" de nos un -
compromiso real pra que chege
o día no que verdadeiramente
o galego poda facer a sua pra-
xis. Ese día non chegará si -
non se "fai" chegar, e non -
chegaré sin un estudo fondo -
da sua realidade en primeiro
termo, e en segundo, sin unha
praxis real no que ese estudo
de os seus resultados.

O coñecemento de Galiza -
tennos que chegar por unha
"profundización" no singular
que se convirta logo en algo
universal ou aplicable a ou-
tros lugares. Así procede o -
home no seu coñecemento, non
é que coñeza "a rua", por e-
xemplo, e vai logo "profundi-
zando"; cada vez que coñece -
novas ruas, no coñecemento -
primeiro facendo así unha uni-
versalización maior que lle -
fai ser capaz de falar "da r-
ua". E hora de esquecerse da
idea de que estudar a Galiza
é deixar de ser universalista.
Centrarse en Galiza non é dei-
xar de ser universales é dei-
xar de ser "abstractos", "idea-
listas", e convertirse en rea-
listas. E deixar de ir das i-
deas a realidade pra facer o
contrario: ir da realidade as
ideas nun proceso dialéctico
que non acabará nunca.

Este coñecemento ten que -
ser levado a praxis social es-
tando sempre dispostos a "au-
tocritica e a crítica".

Esto, e non outra cousa, é
a liberación dun pobo, é un -
proceso que non acabara nunca

mais é logo que ten que esco-
menzar cun compromiso real e
persoal, do contrario nós, -
como persoas e como colecti-
vidade, morreremos. Penso -
que a xuventude de Galiza -
non pode permitir esto, non
pode deixar que baixo ver-
bas máis ou menos engiolantes
-¿macerían as verbas, tamén,
pra enganar?-, como son: "au-
tonomía rexional", "descen-
tralización administrativa"
etc, a realidade de Galiza
siga sendo unha realidade a-
alienada e alienadora, asoba-
llada e asoballadora na que
as persoas sexan "educadas"?
pra aceptar o que hoxe son:
UNHA NACION DESPERSONALIZADA
e PERSOAS QUE SE AVERGOÑAN
DE SER E LOITAR POLA SUA PRA-
XIS SOCIAL GALEGA.

Pontevedra, 20-IV-78

R. Regueira V.



LÓPEZ FERREIRO, ESCRITOR GALOGO

X. A. Miguél.

Para este home que foi na vida Antón López Ferreiro, -- exemplo de humildade, chegou lle con xusto merecemento a hora da recordación. Nefeuto López Ferreiro é hoxe lembrado e reconecido como un gran de escritor da nosa terra. -- As ducias de traballos que -- saíron da súa pluma tañen -- neste intre ese rolembro tardeiro que 'o eggen, e quizáis o redimen, das velias verbas tarabeladas.

Porque López Ferreiro achégase a nós sen que nós camente soupéramos del. Dirémolo de maneira máis comprensible. López Ferreiro era, -- mal que ben, un escritor esquencido. O seu labor de historiador ficou prá lonxe nas memorias dos sabedores e dos eruditos. E velahí, nembargantes, unha ventallada súpeta que desacouga o seu nome. Axiña paréscenos xa perto de nós e abofé que non refugamos, non, desta nova xuntanza milagreira.

Mais aínda haberá quen faga eiquí as voces de chinchereiro. Haberá sen dúbida homes valdeiros que esbardallén con saña sobor da súa galguidade. Pois é ben certo -- que López Ferreiro escribiu en castelán a meirande parte da súa obra histórica, xurídica e apoloxética. Pro nela querámolo ou non, vertéu xenerosamente toda a sabencia amoreada do seu vagar, que -- foi ledicia e bulobulo contaxioso da noble inquedanza que o empuxaba.

Naqueles tempos a tarefa pescudadora de López Ferreiro semella unha verdadeira -- heroicidade. Son milleiros -- de páxinas os que nos falan

da Eirexa compostelán, das -- tradicións do pobo galogo, -- da traslación do Apóstolo, -- do desenrolo do cristianismo en Compostela e na Galicia dos moimentos composteláns -- das moitas outras cousas que a historia converteu, co -- paso de tempo, en pouso ben -- apreciable do noso espírito.

Nembargantes, édic unha -- parte moí pequena da obra de López Ferreiro está escrita na lingua galoga. Obriga -- so a negarlle virtudes e a -- rexeitala insustentamente do conxunto da produción "en -- cebre"? Fariase o mesmo con -- Murguía, outro grande -- historiador que escribiu tamén en castelán, e a -- onomazamos entón de nos a manifestación -- máis propia e axeitada de al -- borecer historicográfico e -- científico de Galicia.

A existencia de López Ferreiro desenvóllese nun mundo de que sañe e procede o noso, máis do que sonentes -- tonos un ecosamento por -- aproximación. López Ferreiro tiña necesariamente que -- escribir en castelán para que a súa obra se difundira e co -- nocera. Disculpámolo e com -- prendémolo. Parella actitude -- levóu a Rosalía a facer uso de castelán nun ambiente de -- aillamento espiritual e -- que de cerrazón corrosiva e -- paralizadora.

A enorxia e a humanidade de López Ferreiro conxugóuse -- mesmamente coa súa fonda -- ocupación pola historia de -- Galicia. Porque el foi por -- riba de todo un señoiro e -- grevio historiaador. Da font -- ña primitiva da súa auto -- za nacéu e puño que nos -- neste século o de -- nosos cons



Sno-78.

Caricatura de Antonio López Guezo

O 17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

Cando no 1963 a Academia Galega institucionaliza o 17 de maio de cada ano como "Día das Letras Galegas", fóino poisque xustamente nese ano cumpliábase o cen da publicación de "Cantares Gallegos", de Rosalía de Castro.

Naquel 1863, en que o noso país andaba a inixiar, ao quen tor do Romantismo, un proceso de afirmación da súa personalidade colectiva, proceso que xa na Revolución do 1846 -a dos mártires de Carral- co betan -ceiro Antolín Faraldo como gran protagonista, se inicia.

Aquel libro de poesía, onde a tenrura e a ríbea, a paixón e a dozura, amosaban unha realidade galega facareña e miseiranta, sirveu de alicerce para començar o camiño que hoxe, a grandes alanceadas, estamos a recorrer: Xuntamente cos poetas -Rosalía, Curros, Pondal, Añón-, xurden os historiadores que quixeron co seu traballo devolvernos a nosa memoria histórica -Murguía, Vicetto, López Ferreiro-, tamén os gramáticos e dicionaristas, que tentan dárllle ao idioma categoría científica -Saco e Arce, Marcial Valladares, Cuveiro Piñol-, e mais logo a formulación política dos nosos dereitos como comunidade nacional por Alfredo Brañas e o propio Murguía.

Dende aquelas datas, o espertar do noso fermoso e subdesenrolado país pasou por etapas diversas, nas que a súa configuración como nación vai adequirindo perfís cada vez máis definidos. As "Irmandades da fala", "Nós", "Seminario de

Estudios Galegos", Partido Galeguista..., son fitos que van sinalando a recuperación do sentimento colectivo de Galicia. Recuperación que si ben nun comenzo soio se produz dentro da intelectualidade, a toma de conciencia vai se máis adiante introducindo en áreas populares e en ámbitos ignorados.

O "Día das Letras Galegas" quer simbolizar o homaxe a todos aqueles galegos que a través do seu labor literario, de investigación histórica, ou erudición, contribuíron a aquel espertar da nosa conciencia nacional. E a Rosalía seguíronlle na evocación e nun meirande coñecemento da súa vida e obra dende o 1963, Castelao, Pondal, Añón, Curros, Cuevillas, Noriega Varela, Marcial Valladares, López Abente, Lamas Carvajal, Lago González, Viqueira, Pintos, Cabanillas, e Vilar Ponte (Antón), tocán dolle este ano ao historiador Antonio López Ferreiro (1.837-1.910).

Natural de Santiago, López Ferreiro ordeouse presbítero no ano 1.882 e exerceu como catedrático de Arqueoloxía Sagrada no Seminario. Autor de máis de medio cento de volumes, adicados a estudar o pasado de Galicia, a súa paixón por aquel pasado levouno a escribir, amáis de traballo de erudición, de paixón por aquel pasado levouno a escribir, amáis de traballo de erudición, de investigación e monográfico, tres

novelas históricas: "A tece-
deira de Bonaval", "O caste-
lo de Pambre" e "O niño das
pombas", que se desenrolan -
nos séculos XVI, XIV e XII -
respectivamente. Sin embargo
é a súa "Historia de la S.A.
M.I. de Santiago de Composte-
la", en once volumes, xunto
con "Galicia en el último -
tercui del siglo XV" e "Estu-
dos histórico-críticos sobre
el priscialismo" o que o fai
aparecer como o xurdio inves-
tigador a quen este ano se -
lle adica o 17 de maio.

O 17 de maio, xa institu-
cionalizado, que nos primei-
ros anos foi unha festa das
letras na que poucos máis -
participaban que os galeguis-
tas de sempre, convirtéuse -
co paso do tempo no mesmo dí-
a e arredor del nunha xeira
de participación comunitaria
que cada ano que pasa é sen-
tida, compartida e compendi-
da por máis xentes.

Conferencias, recitáis, -
representacións teatráis, -
concursos varios, publicae-
cións do nacente cine galego
taboas redondas, programas -
extraordinarios na radio, TV
e nos xornáis... Centros de
actos por toda a xeografía -
nacional e por fora enchen -
os días e as horas. E o país
váise izando de moimentos que
lembran moitas das figuras e
vocadas o "Día das Letras Ga-
legas": Añón, na Serra de Oū-
tes; López Abente, en Muxia;
Lamas Carvajal, en Ourense;
Valladares, na Estrada.

Mais con ser todo --
moito en relación co que era
non deixa de ser paradóxico
que os galegos teñamos que -
ter unha data no ano para ho-
menaxear as nosas letras e -

os homes sobranceiros delas.
Esto ven sinalar un feito da
bomdo significativo: o de que
a nosa cultura vive nunha a-
normalidade e indixencia total
E cara a súa normalización ó
onde debemos dirixir os nosos
esforzos e o noso quefacer -
cotidián. Normalización que
soio virá dada si dispoñemos
de un poder políptico, de uns
órganos de autogoberno capa-
ces de dotar a nosa vida co-
lectiva do sentido de que ho-
xe carez.

No camiño desa normaliza-
ción andamos. E, entramentras
o "Día das Letras Galegas" -
sigue a ter un significado -
de reivindicación e concien-
ciación, de facer país, en -
suma.

Manuel Caamaño Suárez
Presidente da Agrupación
Cultural O FACHO.

GALEGO NO C.O.U.; B.U.P.; F.P. ...

Nós os galegos, en xeral, somos analfabetos na nosa lingua. Resulta que pensamos e falamos un idioma que non sabemos cómo se escribe. Unha pena. Porque si ben é certo que o galego estivo --i' en boa parte sigue estando-- na neveira a efectos cultos, non por eso imos a deixalo esmorecer nós que o temos mamado desde o berce. Hai que poñer á nosa lingua, antes ben, en pé, e axeitala ás necesidades de hoxendía.

Un camiño, e desde logo non o menos importante, un camiño é que se ensíñe galego no C.O.U., no B.U.P., na F.P., por falar tan só dos estudos que se imparten aquí, en Betanzos, a nivel do que antes, non fai moito, chamabamos o Ensino Medio. De que eu seipa, en ningunha desas tres variedades se dá Galego. Non vou a decir que haxa que impoñer lo "manu militari" nestes tempos en que tanto se anda a falar da democracia e de todo eso que cuvimos ou escoitamos un día sí e outro tamén. Meter o Galego á forza, non. Agora ben, paréceme lóxico que aos que estudan materias relacionadas cos Humanidades, ou con Administrativo, se lles poña a nosa lingua nos plans de traballo académico. Para os demais, Galego optativo. O que queira, que o estude; o que non, que o deixe.

Diráseme que xa hai asignaturas dabondo para que veñan agora a poñer unha máis; que o Galego non sirve para nada; que é moito máis útil o Inglés ou o Francés. Ben. Habería que revisar os plans de estudo, siquera parcialmente, na súa aplicación en Galicia. Habería --ou haberá-- que dar o Galego nas clases diurnas porque relegalo --menos é nada, dacordo-- a unhas cursifios nocturnos implicaría que a xente que non é de Betanzos e que colle o coche pra a súa casa ás seis ou sete e media, non podería asistir. ¿Será útil a nosa lingua? Contesto: ¿todo o que facemos hai que medilo pola súa utilidade? O ambiente capitalista, en que estamos a vivir empúrranos cara ó práctico, esto é evidente.

Evidente, sí. Pero si queremos que Galicia conserve, eso para empezar, e recupere a importancia que antes tivo e que lle corresponde no contexto español, si queremos eso está claro que lle temos que adicar o noso esforzo desinteresado. No estudo e cultivo da nosa lingua, por exemplo. Veña, pois, Galego no B.U.P., C.O.U., F.P. Veña non só do ensino "do" Galego, sinón tamén "en" Galego. Temos dereito a lucrarmos nas ricas fontes das nosas dúas linguas, galego e castelán. E cando nós teñamos a ben ser de Galicia e cando os galegos sirvamos "a" Galicia e non nos sirvamos "do" Galicia, e cando... en fin, que pensaremos non ter perdido o tempo co estudo e adicación á nosa lingua.

A súa produción intelectual comprende obras históricas, críticas, de arte e arqueoloxía, de apoloxética, paleografía, xeo-gráficas e puramente literarias. A "Historia de la Santa Apostólica Iglesia Metropolitana de Santiago" e a

Don Antonio Lopez Ferreiro, que foi nado en Santiago o nove de San tos de 1837 e morreu en San Pedro de Vilanova, a tres legoas o Suloste de Compostela, o vinte do Marzo de 1910, foi un eminente historiador e arqueólogo. O mais esgrevio historiador de Santiago en todos os tempos, que consagrou a súa vida enteira o espírito e a escurarumar co seu gran talento, estensa e fonda cultura e xulio asistado, o pasado da apostólica Catedral da cidade onde naceu e todo o que ten tido inmediata relación con ela, para o cal estaba ben a xeito preparado como bo alumno que fora dos primeiros tempos da Escola Diplomática de Madrid, onde foi sacristán maior da igrexa de San Antón dos Alemáns. Despois foi parroco de Vedra e seguidamente coengo da catedral compostela.

Cando chegou a min a nova de que este ano fora o gran coengo compostelan, Lopez Ferreiro, o escolleito polos membros da Real Academia Galega pra ser homenaxeado coa distinción do Día das Letras Galegas, puxenme a ollar as grandes enciclopedias para saber si se dinaran consagrarlle si quera mesta duela de liñas. En ningunha apareceu. Somentemente un dictionario enciclopédico de tres grandes tomos adicallou tres liñas pra decir que "foi un gran historiador e arqueólogo español, morto en Compostela no 1910". Como vedes, é ben pouco. Pero aínda e mais grave que as grandes enciclopedias non digan nin eso, nin se dinen recoller o seu nome. So houbera matado catro mouros en Africa ou sobrevidado a un encerramento na guerra de Cuba, xa lle tiveran adicado polo menos dez liñas. E, se fora daquela parte de España onde de se escolle os que han de pasar ese filtro pra salir do anonimato, aunque solo escribira un pequeno libro, xa sería dabondo. Mais, como naceu e finou en Gáliza... Pois, vede o pequeno resumo que vou facer vos de súa obra e xulgade vos mesmos.

Ante todo, vata a miña meirande admiración e cordial morboza pola vosa publicación COIDAMOS. Opino que a súa liña é moi positiva e a labourea de cantos a realizan moi eixemplar. O seu repetido berro ante a pouca colaboración e morboza, pero tamén é moi normal que a maior parte se limiten a louvala, morcala e lel-a. O grave, pois, sería que houbera que respostase con desprezo ou con ataques, aunque todo pode darse na vida do señor.

ANTONIO LOPEZ FERREIRO;
UN GRAN POLIGRAFO GALEGO.
Por Manoel Espiña.

súa obra principal, que o consagrou coma mestre de investigadores. Pra esta monumental obra usou moitos documentos de gran valor, que estaban inéditos nos arquivos da catedral. Consta de once grandes tomos, que publicou de 1898 a 1909. Ven ser a mais completa de cantas se escribiron en - col do famoso tempo.

Outras obras históricas súas son: "Fueros municipales de Santiago y de su tierra", "Galicia en el último del siglo XV", "El monasterio de San Payo de Antecaltares", "El montesacro de Galicia", "Monumentos antiguos de la Iglesia compostelana", y "Galicia en los primeros tiempos - de la Reconquista".

Entre os seus estudos histórico-críticos figuran: "La Historia Compostelana y su reprobación crítica por Masdeu", "La traslación del curepo de Santiago a España", "El priscillianismo", "Alfonso VIII, rey de Galicia, y el conde de Traba"; "Don Rodrigo de Luna", etc.

Dos seus traballos arqueolóxicos merecen especial mención: "El simbolismo de las puertas antiguas de la basílica compostelana", "El Pórtico de la Gloria", e "Altar y cripta del Apóstol Santiago".

Ten tamén traballos biográficos adicados ó Mestre Mateo, a San Pedro de Mezonzo, ó bispo Odoario de Lugo e a San Rosende.

As novelas que escribiu son tres, de caraute histórico e todas en lingua galega. Son: "A tecedeira de Bonaval" "O castelo de Pambre" e "O niño de pombas".

Os estudos de apoloxética, paleografía, epigrafía, etc compoñen unha lista moi ampla. Moitos deles foron publicados na revista Galicia Histórica, que el fundou na súa cidade e dirixeu durante os dous primeiros anos.

En 1911, o Concello de Santiago colocou na fachada da casa onde naceu o eminente polígrafo (Praciña da Universidade) unha praca cuio texto resume fermosamente a súa vida e a súa obra: "A cidad de Compostela ó seu fillo predilecto D. Antonio López Ferreiro, bo gallego, bo sacerdote, bo historiador, dino por todo de perdurable lembranza. Naceu nesta casa o 9 de novembro de 1837".

Certamente, Galiza, non somente é un país rico no seu chan; tamén ten grandes riquezas agachadas no seu sochán. Pois, o mesmo acontece no campo intelectual. Ademais dos homes esgrevios e dos tesouros coñecidos de todos, ten outros moitos, do século presente e de pasados, que se atopan aprastados pola pesada Lousa do desprezo ou do descoñecimento. López Ferreiro é unha boa demostración. Veleiquí unha razón máis pra que nos adiquemos de cote ó estudo da nosa cultura.

Este noso gran home, coma Castelao, Otero Pedraio e tantos outros galegos, soupo xunguir un talento superior

cun gran espírito de traballo e todo movido por un amor inen-
so a Galiza enteira. Eu vexo ese seu amor universal como her-
dado de seus abós: o amor ás cidades, nos abós maternos, que
eran de Santiago; o amor ó mundo rural, nos paternos, que e-
ran de S. Estebo de Calvor, perto de Sarria. O pintor Maria-
no Tito Vázquez soupo recoller esta súa humanidade nun impor-
tante retrato ó óleo, que se conserva no arquivo da catedral.
Ogallá que esta súa "resurreición" sirva pra espertar a moi-
tos fillos da nosa aldrexada terra.

Coruña, Abril, 1978.



LÓPEZ FERREIRO

NOVELISTA

O tiduo deixa ben as craras que o esgrevio historiador da cultura galega non ten buqueira de cheo nos xeitos que definen a facer dun novelista. A súa obra dibuxa no espacio e en caixa no tempo os feitos que configuran a realidade chamada Galicia. Sonado pra os alleos polas suas probas encol da presenza do corpo de Santiago na nosa terra, coñecedor de todos los feitos famosos acaecidos dende a Reconquista, adicado con admiración os estudos das nosas beldades monumentais, debecido polos datos e datas sobor dos nosos devanceiros, sabe dibuxar o corpo de Galicia no seu nacemento e desenrolo, pro, non soupo ou non tivo tempo, pouco afondou na seu espírito. O que remato de decir é unha gran esbardallada porque supón a falsedade de que poide dease corpo sin espírito e ao revesso. Por elo debo matizar que si ben non foi un home preocupado polas cousas do espírito galaico tal como hoxendía se entende sí foi, e moito, home de fonda inquedaanza polo que en Galiza tivo transcendencia; e, o espírito dun pobo, non alborea dunha vez pra sempre, senón que vaino facendo o tempo. Iñorar a historia dun pobo é o mesmo que iñorar o que es se pobo leva na intimidade, por eso o historiador López Ferreiro amosan os raíces dende se afondan os nosos espíritos, o espírito que iñore a súa historia está condenado a non entenderse a sí mesmo ou polo menos a ter que laiarse de repetila.

Nin pola cantidade, nin pola eslidade podemos subliñar a faciana novelística de López Ferreiro. Tres son as obras as que lles adica este tiduo: "O Niño das Pombas", "O Castelo de Pambre", "A tecedeira de Bonaval".

Entre as duas primeiras dase unha certa unidade á hora de empregar o material de que se vale. A acción ven enmarcada en ambalas duas por feitos de faciana histórica e por descripcións de Mosteiros, Pazos, Castelos e Eiroxas da bisbarra santiaguesa. Nelas dase unha conxelación do tempo, con feitos da E. Media describe vivencias de século vinte, perce como se en Galicia os relox non tiveran ningunha data nova que marcar, según estas novelas en Galicia non choveu dende a Reconquista a pesar de chover tódolos días.

Si ahora queremos determinar o contido de cada unha diremos que o tema "do Niño das Pombas" ven dado pola Providencia. Ista ábrese camiño entre as relacións dos NOBLES-CLEROPELENGRINOS.

Os nobles coitanse das guerras, os casorios dos fillos e a construción dos pazos. Oclero vixila polos conventos, aconsella, adianta o futuro, o a larga sempre ten razón, porque é coñecedor dos segredos que rixen a historia. As razóns dos

frades redúcense a que pra Deus non hay imposibles e sempre acada a millor solución. Pola súa banda os pelengrinos co - rrespóndelles cumprir as promesas co santo e arrepentirse das fallas morales. A providencia que coñece o clero cumple se con todos, por elo é superadora, entre bos e malos, dos esquemas.

Na segunda novela, "O castelo de Pambre" subliña a desfeita e a loita na casa de Ulloa por recuperar os foros e as terras. Gonzalo Ozores guerreando coas demais casas forales e esquencéndose dos compromisos con Berenguela chega a facer o Castelo de Pambre, como símbolo da consolidación da casa que representa. Na obra destacan as minuciosas descrições dos mosteiros, sobor de todo, o de Sobrado, onde reposan os restos de case tódolos Ulloas.

A terceira obra "A tecedeira do Bonaval" marca polo menos un punto aparte respecto as outras dúas, porque a súa temática é costumbrista. A costumealcontrase respondida en dous eixes sagrados, como son a familia e a Eirexa.

As dúas accións desenvólvense a mesmo tempo, e nelas acentúase por unha banda a contestación político-social; os concellos revelanse contra o poder e as leis do Arcebispo. Esta revolta vaise xostando no seo dos escribanos e rexidores que husmean a forma de limitar os poderes eclesiales procurando influir na corte de Valladolid e nos ánimos dos galegos. Como case sempre o que maquinan é a forma de conseguir privilexios. Pola outra banda amosanos a negativa dos fillos (neste caso filla) a casarse con quen a nai quer, o casamento, dí a filla, é coma o traxe, "debe ser a gusto de quen o leve", por eso Teresa refuga en todo momento os consellos da nai e mais os propósitos amorosos de Gonzalo, por que está namorada de Rodrigo, e isto son cousas de amores, non de consellos.

Pro tódalas contestacións, tanto sociais coma familiares, responden a idea que preside o facer novelístico de López Ferreiro, "Os que esperan en Deus non son confundidos".

X. Ramón López Vázquez





Amel